

- ROSALÍA DE CASTRO -

1. Eixos temáticos constantes na súa obra:

As sombras:	Son os seres amados mortos, os amigos perdidos que oen, falan e responden ó poeta.
A relixiosidade:	Unha fe cega. Unha fe dubidosa. Falta de fe.
Os tristes:	As persoas predestinadas á dor. Ela mesma.
A dor:	Unha dor continua, dor de existir, dor de vivir.
Negra Sombra:	É o símbolo da dor existencial, do ser rossiano.
O amor:	Predomina o amor negativo e infeliz.
A saudade:	Saúde da terra. Saúde do amor. Saúde do pasado. Saúde da amizade. } É a expresión máis radical deste sentimento: A SAUDADE DO SER.
A búsqueda:	Sentimento de procura cara un ben perdido ou soñado.
Vivencia do absurdo:	O sentido xeral da vida humana preséntase valeiro. Nada hai que xustifique a existencia do home.
A natureza:	Como realidade: mar, fragas, piñeiros..., indiferente ós sentimentos do poeta ou reflexándoos, terra nai que recolle a dor e o cansazo do poeta.
O entorno social:	A fame. A pobreza. Galicia cara España. Os emigrantes. <i>As viúdas dos vivos.</i>
A morte:	Sentimento da morte como descanso sin ningunha transcendencia. O desexo da morte fai aparecer o tema do suicidio.

2. Eixos formais constantes na súa obra:

—Adxectivación intuitiva que vai perdendo auxe ó longo da súa obra.	
—Gusto polas comparacións con funcións aclaratorias.	
—Gusto por explicacións, reflexións e sentencias a miúdo innecesarias.	
—O símbolo, aínda que escaso, é o grande acerto da súa poesía	
Reiteracións:	Repeticións de conceptos, palabras, frases e estruturas conseguen un ritmo popular e afectivo.
Contraste:	Utilizado ben pra destacar significados opostos ben en procura da sorpresa.
Fragmentarismo:	Rasgo propio da poesía tradicional; Consiste en non dar rasgos importantes deixando un aquel de misterio ante o descoñecido.
Actitude lírica:	Predomina a tendencia dramática.
Descricións:	Rasgo moi abundante: ambientes, paisaxes, persoas...
Costumismo:	Sobre todo en <i>Cantares Gallegos</i> : romarías, costumes, personaxes históricos, etc.
Linguaxe popular:	O idioma como reivindicación social. O uso popular da lingua destaca pola abundancia de: fórmulas de tratamento gabanzas maldicións saúdos e xiros expresivos.